

ANEXO V



DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE «NON CAUSAR UN PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE» (DNSH)

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

DATOS DO SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

APELIDOS

NIF

--	--	--

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

APELIDOS

NIF/CIF

--	--	--

INFORMACIÓN SOBRE A ACTUACIÓN NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Identificación da actuación	Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Compoñente do PRTR a que pertence a actividade	Compoñente 2 C02. Implementación da axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana.
Medida (reforma ou investimento) da compoñente PRTR á que pertence a actividade, indicando, se é o caso, a submedida	C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais»
Etiquetaxe climática e ambiental asignada á medida (reforma ou investimento) ou, se é o caso, á submedida	025 bis Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxecto de demostración e medidas de apoio conforme aos criterios de eficiencia enerxética.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que unha vez avaliado, de acordo co artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ☒ o proxecto ☒ a memoria que se presenta coa solicitude da axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cumpre con todos os seguintes aspectos:

a) As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles mediante a implantación dun sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas ambientalmente sostibles:

1. Mitigación do cambio climático
2. Adaptación ao cambio climático
3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos
5. Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o solo
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas

b) As actuacións cumpren cos requisitos establecidos no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, e adecúanse, de ser o caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do Compoñente e reflectidas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para cada un dos obxectivos ambientais:

Obxectivo ambiental:	Condições específicas para cumprir polas actuacións:
1. Mitigación do cambio climático	Mellorarase a eficiencia enerxética conforme co establecido na Directiva 2010/31/EU. Isto contribuirá a menores consumos e, polo tanto, a unhas menores emisións GEI.
2. Adaptación ao cambio climático	Non se definen condicións específicas, as actuacións supoñen unha mellora neste obxectivo (mellora condicións edificacións e contorno).
3. Recursos hídricos e mariños	Non se definen condicións específicas, dado que as actuacións non deben xerar efectos significativos sobre este obxectivo.

ANEXO V



(continuación 1)

DECLARA RESPONSABLEMENTE (continuación)

4. Economía circular	Condicions específicas a nivel proxecto: i. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE. ii. Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación se realizará de forma preferente no lugar de xeración dos residuos. iii. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e reciclaxe.
5. Contaminación	Os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas nesta medida non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.
6. Biodiversidade e os ecosistemas	Non hai definidas condicións específicas, xa que as actuacións non deben supoñer impactos directos ou indirectos negativos na biodiversidade ou ecosistemas.

c) As actividades que se desenvolven ☐ no proxecto ☐ na memoria cumprarán a normativa vixente relacionada cos obxectivos do principio DNSH que resulte de aplicación.

d) As actuacións descritas no proxecto e no estudo de xestión de residuos que o acompaña cumpren cos criterios específicos establecidos para a avaliación substantiva do obxectivo de economía circular descritos na letra b), de acordo co seguinte:

A rehabilitación edificatoria proposta parte dos condicionantes impostos pola edificación existente. En consecuencia, consideráronse os criterios de construción circular na medida que as intervencións concretas o permiten.

As técnicas de construción consideradas apoian a circularidade: adoptáronse as accións necesarias para preparar para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación de polo menos o 70 % dos residuos de construción e demolición (RCD) resultantes das actuacións propostas.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obriga de devolver as cantidades percibidas e os xuros de mora correspondentes.

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

ILMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO – EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A

